



**FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO 3º, 4º, 5º E 6º DE PRIMARIA, AXUDAS PARA
ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO 1º E 2º CURSOS DE PRIMARIA E AXUDAS PARA
MATERIAL ESCOLAR CURSO 2017-2018**

D.O.G. 22 de maio de 2017

1º e 2º CURSOS DE E. PRIMARIA

A contía de axuda para adquirir libros de texto en 1º e 2º de E.P. será a seguinte:

- Renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 €: 170 €
- Renda per cápita dende 5.400 € ata 9.000 €: 90 €

Estes libros **non** teñen compromiso de devolución por non ser reutilizables.

3º, 4º, 5º e 6º CURSOS DE E. PRIMARIA

Os alumnos/as matriculados nestes cursos poden optar ao Fondo solidario de Libros de Texto existente no Centro. A adxudicación dos libros se fará por orde inversa á renda per cápita, **ata que se esgoten as existencias**.

Esgotados os libros dispoñibles no fondo solidario, o centro adquirirá os libros de texto necesarios para garantir:

a) Ao alumnado con renda per cápita igual ou inferior a 5.400 € : 6 libros de texto

b) Ao alumnado con renda per cápita dende 5.400 € ata 9.000 € :4 libros de texto.

Estes alumnos/as están obrigados/as a devolver os libros en debidas condicións ao remate do curso. No caso de ter libros do Fondo no curso 2016-17, deberán ter devoltos ditos libros antes do 23 de xuño para poder optar ás novas axudas.

AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR

As familias con renda per cápita igual ou inferior a 5.400 € terán dereito a un vale de 50 € para adquisición de material escolar.

Presentación de solicitudes

Se presentará solicitude única para todos os fillos especificando o nivel de estudos que espera realizar cada un deles no dito curso.

Documentación

- **Instancia modelo ANEXO I** asinada polo pai nai ou titor do alumnado. As instancias poderán recollese no centro (preferentemente en horario de 9:30 a 10:15 h.) ou ser descargadas en formato pdf do portal educativo: <http://www.edu.xunta.es> ou na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal> (modelo ED330B)
- **Fotocopia do libro de familia** na que figuren todos os membros da unidade familiar. En caso de que a situación a día 31 de decembro de 2015 non coincida coa do libro, terase que presentar documentación acreditativa.
- No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar certificado do grao de minusvalía, pensión de incapacidade ou condición de pensionista de clases pasivas segundo o caso a 31 de decembro de 2015.
- No caso de situación de violencia de xénero, documentación acreditativa.

Prazos

Dende o 23 de maio ata o 23 de xuño incluído.

Para máis información: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceiptorrecela/> (web do colexio)

Os alumnos de **sexto** teñen que presentar a solicitude no **IES Illa de Ons**